

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DPTO DE LINGUAS CURSO 2022-23

LENGUA CASTELLANA

Sistemas de cualificación

A) LOMCE:

Co citado anteriormente, os sistemas de cualificación así como os instrumentos de avaliación, quedarían reflectidos no seguinte cadro:

SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN LOMCE			
Área / Materia	Instrumentos de avaliación	Peso	Observacións
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2.º e 4.º ESO	Coñecementos adquiridos e manifestados nos distintos exames, traballos, etc.	70 %	Para poder aprobar a materia será de obrigada lectura o libro encomendado para cada avaliación.
	Claridade lectora, comprensión dos textos lidos, riqueza e precisión oral e escrita, competencia gramatical e riqueza léxica, dominio efectivo das normas ortográficas, capacidade para manexar fontes de información, etc.	20 %	As faltas de ortografía cometidas en todo tipo de escritos (exercicios, traballos, exames, etc.) penalizaranse con ata un máximo de tres puntos, conforme ao seguinte baremo: · Un erro no emprego das grafías: 0,2 puntos. · Un erro de acentuación ou puntuación: 0,1 puntos.
	Actitudes exhibidas ao longo do curso, reflectidas na súa asistencia, puntualidade, participación e comportamento en clase; na dilixencia e pulcritudena entrega de traballos, exercicios, etc., no seu interese cara ás distintas manifestacións lingüísticas e literarias estudadas durante o curso.	10 %	A deficiente presentación (caligrafía, marxes e sangrías, riscos, etc.) dos escritos, poderá dar lugar a unha penalización de ata 1 punto na súa cualificación.

Para poder aprobar a materia de Lingua e Literatura será de obrigada lectura os libros encomendados por cada avaliación.

Observacións:

Polo que respecta á deficiente presentación (caligrafía, marxes e sangrías, riscaduras, etc.) dos escritos, poderá dar lugar a unha penalización de ata 1 punto na súa cualificación.

O profesor poderá, en calquera caso, propoñer sistemas para compensar a penalización por estas causas: repetición total ou parcial do escrito introducindo as oportunas correccións, realización de exercicios específicos, etc.

Cando a cualificación obtida por un alumno non coincida cun número enteiro, a nota que constará oficialmente será a correspondente ao número enteiro inmediatamente inferior. É dicir, se a media das súas cualificacións (de acordo coas ponderacións arriba establecidas) se sitúa entre 0 e 0,99, a nota obtida será de 1; se se sitúa entre 1 e 1,49 será de 1, se se sitúa entre 1,50 e 2 será de 2 e así sucesivamente.

Nos primeiros días do curso 2022-23 farase a todos os alumnos unha **avaliación inicial** para, deste xeito, coñecer o seu nivel de contidos e competencias e valorar a posible adaptación ou repaso de contidos que conveña facer. Esta avaliación partirá dos mínimos esixibles para unha avaliación positiva do curso anterior, e abranguerá unha batería de exercicios de menor a maior dificultade que analicen o nivel, atendendo a expresión oral e escrita e a comprensión oral e escrita.

O curso estará dividido en tres avaliacións, dentro das cales quedarán insertas a avaliación formativa (que seguirá o proceso de aprendizaxe) e a sumativa (que determinará os resultados ao final de dito proceso), cuxas datas se especificarán no Plan Xeral Anual. Finalmente, haberá unha convocatoria ordinaria e outra extraordinaria no mes de xuño.

Motivos da perda do dereito á avaliación continua.

Os alumnos de ESO poderán perder o dereito á avaliación continua se faltan á clase inxustificadamente (ao longo do curso). De darse este suposto, o alumno absentista terá dereito a un exame final, que realizará o departamento por cursos. O número máximo de faltas que un alumno poderá ter, segundo o curso, é o seguinte (se chega a este límite perderá o dereito á avaliación continua):

- 1º curso: 25 faltas.
- 2º 3º e 4º cursos: 20 faltas.

Materia durante o curso:

Xunto á corrección de probas obxectivas ordinarias, a observación sistemática do traballo diario e aqueles instrumentos que, no seu caso, cada profesor estime (fichas, guías de lectura ou de traballo, realización de

traballos, recompilación de información, exposicións orais ou escritas...), o docente poderá, se así lle parece oportuno, realizar algunha proba de recuperación.

Materias pendentes doutros cursos

No caso dos alumnos que pasen de curso coa materia suspensa do anterior, estes deberán preparala a través dos traballos requiridos polo profesor ao longo do curso, para superar así as probas concretas de recuperación da materia . Dita proba de abril versará sobre os mínimos esixibles reflectidos nesta programación.

As probas extraordinarias

As probas extraordinarias da ESO consistirán na realización dunha proba obxectiva (para todos os cursos) que partirá dos contidos mínimos, previstos nesta programación, para cada curso. Os devanditos contidos serán comunicados, coa suficiente antelación, aos alumnos.

B) LOMLOE:

SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN LOMLOE		
Área / Materia	Instrumentos de avaliación	Peso
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 1.º e 3º ESO	Coñecementos adquiridos, manifestados nas distintas probas, exercicios ou traballos, etc. presentados.	70 %
	Atención, participación, realización das tarefas e entrega das actividades propostas	30%

En cada avaliación, ponderaranse tres variables:

- a) Proba/s escrita/s (ata un 70%)
- b) Traballos en clase: ata un 20%(atención, participación, realización das tarefas e entrega de actividades propostas)
- c) Lecturas trimestrais de carácter obrigatorio(10%)

Todos os exercicios corrixidos pola profesora poderán ter penalizacións por erros ortográficos: 0,1 por cada falta ou dúas tiles, ou por cada enunciado de expresión incoherente, ilexible ou agramatical. Estas penalizacións poderán restar ata un máximo de 2 puntos (nunha escala de valoración de 1 a 10).

NOTA 1 : Non se recollen entregables fóra de prazo. Se algún alumno non se presenta aos exames escritos ou ás exposición orais, deberá achegar xustificante da ausencia para optar á súa realización noutra data, que fixará a profesora.

NOTA 2: copiar durante a realización dun exame implica una puntuación de 0, que fará media co resto das probas realizadas. Pola mesma non se darán por válidas a entrega de tarefas que se mostren como copias entre compañeiros ou ben simples copias de Internet.

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- 2.- Ter dúas avaliacións aprobadas sempre que unha delas sexa a terceira e a media entre as tres avaliacións, sexa igual ou superior a cinco.

A cualificación final obtense a partir da media aritmética entre as notas das tres avaliacións parciais.

Cráterios de recuperación:

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame final en xuño.

Recuperación pendentes:

O profesorado do nivel en curso fará o seguimento do alumnado que deba recuperar a materia pendente. A avaliación positiva nas dúas primeiras avaliacións da materia no 3o curso, suporá a recuperación da materia pendente. A cualificación, en tal caso, será 5.

En caso de non recuperarse a materia pendente deste xeito ou en caso de querer aspirar a unha nota maior de 5, deberá superarse una proba (exame)no mes de abril ou maio sobre o currículo da materia de 2o curso. A nota final será a desta proba.

NOTA: Non se recollen entregables fóra de prazo. Se algún alumno non se presenta aos exames escritos ou ás exposición orais, deberá achegar xustificante de ausencia para optar á súa realización noutra data, que fixará a profesora.

INGLÉS: os sistemas de cualificación así como os instrumentos de avaliación, quedarían reflectidos no seguinte

cadro:

SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN LOMCE			
Área / Materia	Instrumentos de avaliación	Peso	Observacións
INGLÉS 2.º e 4.º ESO	Coñecementos adquiridos e manifestados nos distintos exames, traballos, etc.	60 %	Para poder aprobar a materia será de obrigada lectura o libro encomendado para cada avaliación.
	Claridade lectora, comprensión dos textos lidos, riqueza e precisión oral e escrita, competencia gramatical e riqueza léxica, dominio efectivo das normas ortográficas, capacidade para manexar fontes de información, etc.	30 %	As faltas de ortografía cometidas en todo tipo de escritos (exercicios, traballos, exames, etc.) penalizaranse con ata un máximo de tres puntos, conforme ao seguinte baremo: · Un erro no emprego das grafías: 0,2 puntos. · Un erro de puntuación: 0,1 puntos.
	Actitudes exhibidas ao longo do curso, reflectidas na súa asistencia, puntualidade, participación e comportamento en clase; na dilixencia e pulcritude na entrega de traballos, exercicios, etc., no seu interese cara á materia ao longo do curso.	10 %	A deficiente presentación (caligrafía, marxes e sangrías, riscaduras, etc.) dos escritos, poderá dar lugar a unha penalización de ata 1 punto na súa cualificación.

Observacións:

Cando a cualificación obtida por un alumno non coincida cun número enteiro, a nota que constará oficialmente será : Entre 0 e 0,99, a nota obtida será de 1; se se sitúa entre 1 e 1,49 será de 1, se se sitúa entre 1,50 e 2 será de 2 e así sucesivamente.

Nos primeiros días do curso 2022-23 farase a todos os alumnos unha **avaliación inicial** para, deste xeito, coñecer o seu nivel de contidos e competencias e valorar a posible adaptación ou repaso de contidos que conveña facer. Esta avaliación partirá dos mínimos esixibles para unha avaliación positiva do curso anterior, e abranguerá unha batería de exercicios de menor a maior dificultade que analicen o nivel, atendendo a expresión oral e escrita e a comprensión oral e escrita.

O curso estará dividido en tres avaliacións, dentro das cales quedarán insertas a avaliación formativa (que seguirá o proceso de aprendizaxe) e a sumativa (que determinará os resultados ao final de dito proceso), cuxas datas se especificarán no Plan Xeral Anual. Finalmente, haberá unha convocatoria ordinaria e outra extraordinaria no mes de xuño.

Ao remate do curso, non se considerará apto ningún alumno que mostrase abandono da materia nunha ou máis avaliacións, é dicir, non traer material nin deberes, non atender nin seguir a clase, entrega de exames en branco, actitude pasiva ou negativa.

A proba extraordinaria de xuño será escrita e as preguntas versarán sobre vocabulario, gramática, comunicación, comprensión lectora e expresión escrita. Valorarase de forma conxunta a proba.

Motivos para a perda do dereito da avaliación continua:

Os alumnos de ESO poderán perder o dereito á avaliación continua se faltan a clase inxustificadamente (ao longo do curso). De darse este suposto, o alumno absentista terá dereito a un exame final, que realizará o departamento por cursos. O número máximo de faltas que un alumno poderá ter, segundo o curso, é o seguinte (se chega a este límite perderá o dereito á avaliación continua):

- 1º, 2º, 3º e 4º cursos: 20 faltas.

Programas de recuperación:

Materia durante o curso:

O sistema de avaliación é continuo. As características da área fai que os contidos novos se apoiem necesariamente sobre os contidos previos. Calquera aprendizaxe nova nun idioma ciméntase no aprendido anteriormente.

A secuencia dos contidos está suxeita na progresión. Se o alumno non asenta os coñecementos da 1ª avaliación, dificilmente poderá progresar satisfactoriamente na 2ª avaliación, e así sucesivamente. Polo

tanto o sistema de avaliación será continuo. O alumno que non consiga aprobar a 1ª avaliación, terá toda a 2ª avaliación para conseguir recuperar eses coñecementos a través das actividades de reforzo e repaso. Os exames da 2ª avaliación irán avaliando á súa vez os contidos da 1ª, e así sucesivamente. O alumno que aprrobe a 2ª avaliación, aproba a 1ª cunha nota máxima de 5. Se o alumno aproba esta recuperación, aproba as dúas avaliacións. O alumno que suspenda a 3ª avaliación irá directamente a unha recuperación final en xuño.

Os alumnos que non conseguiran aprobar deste modo, terán a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria de Xuño que abranguerá todos os contidos.

Materias pendentes doutros cursos

No caso dos alumnos que, pasando de curso, teñan suspensa a materia do curso anterior poderán recuperala aprobando a primeira avaliación do curso seguinte.

As probas extraordinarias

As probas extraordinarias de xuño consistirán na realización dunha proba obxectiva (para todos os cursos) que partirá dos contidos mínimos, previstos nesta programación, para cada curso. Os devanditos contidos exporanse, coa suficiente antelación, nos taboleiros de anuncios do Centro.

SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN ENSINO LOMLOE		
Área / Materia	Instrumentos de avaliación	Peso
INGLÉS 1.º e 3.º ESO	Coñecementos adquiridos, manifestados nas distintas probas, exercicios ou traballos , etc. presentados telematicamente.	60 %
	Procedementos desenvolvidos: comprensión lectora, riqueza e precisión na expresión escrita, competencia gramatical e riqueza léxica, dominioefectivo das normas ortográficas, capacidade para manexar fontes de información, etc.	30 %
	Obedecerá á actitude exhibida ao longo da actividade no presencial: asistencia / participación activa en videoconferencias, puntualidade á hora de presentar as tarefas, na dilixencia e pulcritude na entrega de traballos, exercicios, así como o seu interese cara á materia ao longo so curso, etc.	10 %

Para que a avaliación final sexa positiva, o alumnado deberá ter aprobadas un mínimo de dúas avaliacións, sendo unha delas a terceira. No caso de que un alumno ou alumna suspenda só a primeira ou a segunda avaliación, superará o curso e, polo tanto, a súa nota non poderá ser inferior a 5. Pola contra, se un alumno ou alumna suspende máis dunha avaliación, deberá recuperar a materia antes da avaliación final. Levaranse a cabo probas e tarefas diversas que permitan avaliar, segundo os criterios de avaliación que procedan en cada caso, o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos nas diferentes destrezas. A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

O primeiro trimestre terá un peso 20% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran todos estes requisitos:

- A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual ou superior a 5.

- Sempre que non se teñan tres ou máis faltas de deberes acumuladas no trimestre.

- Ter entregado todas as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre.

Entre a terceira avaliación e a final, deseñaranse actividades de repaso, reforzo e recuperación para o alumnado que non conseguira superar a materia por ter dúas ou máis avaliacións negativas ou por suspender a terceira. Tamén se deseñarán actividades de repaso e ampliación para o resto do alumnado, en función das súas necesidades e dos seus intereses.

FRANCÉS:

Sistemas de cualificación:

Os procedementos utilizados serán a observación do traballo diario, a resolución de exercicios, a realización de controis, e a conduta e o comportamento adoptados polo alumno.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN LOMCE			
Área / Materia	Instrumentos de avaliación	Pesos	Observacións
FRANCÉS 2º e 4º de ESO	Probas escritas /orais:	40%	Todo tipo de probas que inclúan vocabulario, gramática. Probas sobre comprensión lectora en base aos textos de lectura graduadas que se traballen na clase.
	Preguntas clase /atención:	20%	Participación individual durante a clase aportando orixinalidade e iniciativa persoal sabendo respectar a intervención do resto do grupo.
	Caderno clase /deberes:	30%	Caderno e libro de actividades. Inclúe a presentación e realización regular das actividades. A adecuada anotación do vocabulario novo e dos apuntes gramaticais, o correcto seguimento das pautas pedidas polo profesor na realización das actividades do libro do alumno.
	Actitude:	10 %	Actitude positiva cara á materia e bo comportamento na aula.

Nos primeiros días do curso farase a todo o alumnado unha **avaliación inicial** para, deste xeito, coñecer o seu nivel de contidos e competencias e valorar a adaptación ou repaso de contidos que conveña facer. Esta avaliación partirá dos mínimos esixibles para unha avaliación positiva do curso anterior, e abranguerá unha batería de exercicios de menor a maior dificultade que analicen o nivel, atendendo a expresión oral e escrita e a comprensión oral e escrita.

Ao remate do curso, non se considerará apto ningún alumno que mostrase abandono da materia nunha ou máis avaliacións, é dicir, non traer material nin deberes, non atender nin seguir a clase, entrega de exames en branco, actitude pasiva ou negativa.

A convocatoria extraordinaria de xuño será escrita e as preguntas versarán sobre vocabulario, gramática, comunicación, comprensión lectora e expresión escrita. Valorarase de forma conxunta a proba.

Motivos para a perda do dereito á avaliación continua:

Os alumnos de ESO poderán perder o dereito á avaliación continua se faltan a clase inxustificadamente ao longo do curso. De darse este suposto, o alumno absentista terá dereito a un exame final, que realizará o departamento por cursos.

Programas de recuperación:

1. Materia durante o curso:

Reforzase a adquisición de contidos mediante a realización de exercicios e, levando a cabo un maior seguimento da marcha do alumno.

Criterios de avaliación:

70% evolución e desenvolvemento do alumno na materia pendente.

30% controis.

1. Materias pendentes doutros cursos:

Recuperan a materia de 1º curso os alumnos que obteñan unha cualificación positiva na segunda avaliación de 2º curso.

Recuperan a materia de 2º curso os alumnos que obteñan unha cualificación positiva na segunda avaliación de 3º curso.

Recuperan a materia de 3º curso os alumnos que obteñan unha cualificación positiva na segunda avaliación de 4º curso.

Aqueles que non a superen, serán avaliados nas datas que marque a

Xunta. Criterios de avaliación:

70% exercicios.

30% controis.

1. Probas extraordinarias:

As probas extraordinarias da ESO consistirán na realización dunha proba obxectiva (para todos os cursos) que partirá dos contidos mínimos, previstos nesta programación, para cada curso. Os devanditos contidos expóranse, coa suficiente antelación, nos taboleiros de anuncios do Centro.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN LOMLOE			
Área / Materia	Instrumentos de avaliación	Pesos	Observacións
FRANCÉS 1º ESO	Probas escritas /orais:	70%	Todo tipo de probas que inclúan vocabulario, gramática. Probassobre comprensión lectora en base aos textos de lectura graduadas que se traballen na clase.
	Preguntas clase /atención:	30%	Participación individual durante a clase aportando orixinalidade e iniciativa persoal sabendo respectar a intervención do resto do grupo. Caderno e libro de actividades. Inclúe a presentación e realización regular das actividades. A adecuada anotación do vocabulario novo e dos apuntes gramaticais, o correcto seguimento das pautas pedidas polo profesor na realización das actividades do libro do alumno.

NOTA: Non se recollen entregables fóra de prazo. Se algún alumno non se presenta aos exames escritos ou ás exposicións orais, deberá achegar xustificante de ausencia para optar á súa realización noutra data, que fixará a profesora.

A cualificación da avaliación ordinaria obterase da suma das cualificacións trimestrais ponderadas segundo se recolle nesta programación (20+40+40)

Para que a avaliación final sexa positiva, o alumnado deberá ter aprobadas un mínimo de dúas avaliacións, sendo unha delas a terceira. No caso de que un alumno ou alumna suspenda só a primeira ou a segunda avaliación, superará o curso e, polo tanto, a súa nota non poderá ser inferior a 5. Pola contra, se un alumno ou alumna suspende máis dunha avaliación, deberá recuperar a materia antes da avaliación final.

Levaranse a cabo probas e tarefas diversas que permitan avaliar, segundo os criterios de avaliación que procedan en cada caso, o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos nas diferentes destrezas.

O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran todos estes requisitos:

- A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual ou superior a 5.
- Sempre que non se teñan tres ou máis faltas de deberes acumuladas no trimestre.
- Ter entregado todas as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre.

Entre a terceira avaliación e a final, deseñaranse actividades de repaso, reforzo e recuperación para o alumnado que non conseguira superar a materia por ter dúas ou máis avaliacións negativas ou por suspender a terceira. Tamén se deseñarán actividades de repaso e ampliación para o resto do alumnado, en función das súas necesidades e dos seus intereses.

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando a proba final de xuño.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN LOMLOE			
Área / Materia	Instrumentos de avaliación	Pesos	Observacións
FRANCÉS 3º ESO	Probas escritas ou orais:	60%	Todo tipo de probas que inclúan vocabulario, gramática. Probas sobre comprensión lectora en base aos textos de lectura graduadas que se traballen na clase.
	Probas e tarefas:	40%	Participación individual durante a clase aportando orixinalidade e iniciativa persoal sabendo respectar a intervención do resto do grupo. Caderno e libro de actividades. Inclúe a presentación e realización regular das actividades. A adecuada anotación do vocabulario novo e dos apuntes gramaticais, o correcto seguimento das pautas pedidas polo profesor na realización das actividades do libro do alumno.

Criterios de cualificación:

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, a avaliación é continua, progresiva e sumativa. O valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.

b) Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos nas cinco destrezas.

Entre as probas, proporanse probas escritas de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación, probas de adquisición de léxico e conxugación, probas de pronuncia, etc.

Entre as tarefas, proporase a realización e exposición de traballos monográficos, nos que se valorarán diversos aspectos dependentes da unidade didáctica na que se encaixen que serán previamente definidos e figurarán na aula virtual a disposición do alumnado.

A cualificación da avaliación ordinaria obterase da suma das cualificacións trimestrais ponderadas segundo se recolle nesta programación (20% - 30% - 50% respectivamente).

A cualificación trimestral obterase da media aritmética das cualificacións obtidas no traballado nas unidades didácticas traballadas en cada trimestre.

A cualificación de cada unidade didáctica obterase da suma das cualificacións ponderadas das probas e tarefas realizadas en cada unidade.

O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (todos):

- A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual ou superior a 5.
- Sempre que non se teñan 3 ou máis faltas de deberes acumuladas no trimestre.
- Ter entregado todas as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre.
- Ter unha actitude positiva cara á materia.

Criterios de recuperación:

Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.

Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxectivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Rematada a 3ª avaliación, o alumnado que non acadase o 5 sobre 10 no cálculo da cualificación da avaliación ordinaria, deberá realizar as probas e/ou as tarefas das destrezas nas que non acadou o grao mínimo de consecución.

Realizadas as probas e tarefas descritas no alinéa c), observaranse as cualificacións máis elevadas para cada destreza de entre as realizadas ao longo do curso e as realizadas na avaliación ordinaria, de cara a calcular a cualificación nesta avaliación.

Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes (2º ESO)

O alumnado terá tres ocasións para superar a materia pendente:

- **exames parciais:** xaneiro (UD1-UD2-UD3). (o indicado no plan de reforzo).
- **exame final:** maio (da UD1 á UD6) ou somentes da (UD4-UD5-UD6), se a 1ª parte foi superada.
- **convocatoria ordinaria:** xuño (da UD1 á UD6).

As datas de realización das probas serán programadas pola Xefatura de Estudos e publicadas na web do centro.

Ao longo do curso, o alumnado poderá entregar dous (2) proxectos (xaneiro e abril), titorizados polo profesorado da materia (se a cursa no presente curso) ou pola xefatura do Departamento (se non a cursa actualmente). Os proxectos terán carácter voluntario e contribuirán á avaliación como se menciona no alinéa g). Serán puntuados.

Proporanse proxectos que fomenten a adquisición das competencias claves e específicas, traballarán a transversalidade e, na medida do posible, a interdisciplinabilidade.

O alumnado recibirá igualmente unha guía de traballo, con tarefas e unha temporalización recomendada, coa intención de facilitarlle a preparación das probas mencionadas.

O alumnado será convocado polo seu profesorado ou pola Xefatura do Departamento (se non cursa a materia no presente curso). Nesas xuntanzas o alumnado presentará o traballo que leva realizado para que o profesorado poida facer un seguimento e reorientalo se fose preciso.

O alumnado que se presente unicamente ás probas (parciais ou finais) optará deste xeito ao 100% da súa cualificación.

- **Avaliación mediante exames parciais.** A nota final será a media aritmética das dúas probas parciais. O alumnado, para superar a materia, deberá acadar o cinco (5) sobre dez.

- De haber unha parte aprobada, manterase a nota ata o exame final. Non obstante, o alumnado poderá escoller facer completa a proba.

- **Avaliación mediante un único exame final.** O alumnado, para superar a materia, deberá acadar o cinco (5) sobre dez.

a) O alumnado que se presente ás probas (parciais ou finais) e ademais presente os dous proxectos será avaliado do seguinte xeito:

- Os proxectos contribuirán cun 20% ás notas parciais (xaneiro) ou á nota final (maio - xuño).

- As probas parciais e finais contribuirán cun 30% ás notas parciais ou á nota final.

A nota final será a media aritmética da suma das ponderacións das dúas probas parciais cos dous proxectos ou da suma das ponderacións da proba final e os dous proxectos. O alumnado, para superar a materia, deberá acadar o cinco (5) sobre dez. É dicir:

Nota final = [(nota parcial 1 · 30% + nota proxecto 1 · 20%) + (nota parcial 2 30% + nota proxecto 2 · 20%)]